



Concello de Lourenzá

Praza do Conde Santo, s/n - 27760 - Lugo

Tlf: 982 121 006 - 982 121 552

Fax: 982 121 506

CIF: P27027008

REL: 01270272



ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO MUNICIPAL O DÍA TRINTA E UN DE MAIO DO 2016

SRES. ASISTENTES:

D^á. Rocío López García .
D. Manuel Arango Ron.
D. Carlos Rivas Rivas.
D^a.M^a. Mercedes Dengra Sixto.
D. Miguel Castrillón Fernández
D^a.M^a Emma Álvarez Chao.
D. Fco. Javier Rguez. Barrera.
D^a. Josefa Rodríguez Lorenzo.
D. Pablo Maseda Fernández.
D. Angel Fernández Villalba.

NO ASISTEN:

D. Francisco Dasilva Rivas.

Secretaria -Interventora:

D^a.Begoña González Pedregal.

=====

No Salón de Actos da Casa Consistorial de Lourenzá, sendo ás vinte horas trinta e cinco minutos do día TRINTA E UN DE MAIO do 2016, reúnense os señores concelleiros electos enumerados ó marxe, desculpando a súa asistencia o señor concelleiro Dasilva Rivas e actuando como Secretaria e dando fe do acto, D^a. Begoña González Pedregal ó obxecto de celebrar sesión extraordinaria en primeira convocatoria.

Unha vez aberta a sesión pola Presidencia pasouse ó exame e deliberación dos asuntos comprendidos na Orde do Día, adoptándose os acordos que seguidamente se relaciona:

1º.-CELEBRACIÓN DO SORTEO PÚBLICO PARA A ELECCIÓN DOS MEMBROS QUE FORMARÁN PARTE DAS MESAS ELECTORAIS PARA AS PRÓXIMAS ELECCIÓNS A CORTES XERAS QUE SE CELEBRARÁN O DÍA 26 DE XUÑO DO ANO 2016.

En Lourenzá a 31 de maio do 2016, sendo as 20,30 horas, reuniuse o Pleno do Concello de Lourenzá, en sesión pública, a fin de dar cumprimento ao indicado no artigo 26 da vixente Lei Orgánica do Réxime Electoral Xeral. Cumpridas todas as formalidades legais establecidas, este Concello formou as Mesas Electorais que se indican, coas persoas que se expresan e para os cargos que se sinalan para as próxima eleccións a celebrar o día 26 de Xuño do 2016, a saber:

SECCIÓN 001- MESA: A

<u>TITULARES</u>				
PRESIDENTE D/D ^a .	JUAN CARLOS LAREO GÓMEZ	DNI.	34889190F	Nº 417
1º VOCAL D/D ^a .	ANA ISABEL CARRIL GONZÁLEZ	DNI.	33999432G	Nº 110
2º VOCAL D/D ^a .	M ^a . CARMEN BARRIO VAZQUEZ	DNI.	33847922H	Nº 49
<u>SUPLENTEs</u>				
DE PRESIDENTE D/D ^a .	ALBA GARCÍA CABALEIRO	DNI.	34638546V	Nº 287
DE PRESIDENTE D/D ^a .	ANA DÍAZ PORTELA	DNI.	76581969L	Nº 183
DE 1º VOCAL D/D ^a .	ENRIQUETA DÍAZ GAVÍN	DNI.	33309295M	Nº 169
DE 1º VOCAL D/D ^a .	MARÍA TERESA BERMÚDEZ RIVAS	DNI.	33846981C	Nº 57
DE 2º VOCAL D/D ^a .	JOSE CARLOS BARROSO MONTEIRO	DNI.	76580956H	Nº 53

DE 2º VOGAL D/Dª	RAMÓN LÓPEZ MASTACHE	DNI.	33835706S	Nº	483
------------------	----------------------	------	-----------	----	-----

SECCIÓN 001- MESA: B

TITULARES					
PRESIDENTE D/Dª	LUCÍA MARÍA MOSQUERA SUÁREZ	DNI.	44843513E	Nº	50
1º VOGAL D/Dª	RAMÓN TERRÓN TORRENTE	DNI.	33837239F	Nº	408
2º VOGAL D/Dª	MªFRANCISCA MÉNDEZ DE ANDES RDGUEZ.	DNI.	45431720G	Nº	41
SUPLENTE					
DE PRESIDENTE D/Dª	LUCÍA VALEA LÓPEZ	DNI.	33343488C	Nº	426
DE PRESIDENTE D/Dª	JUAN JOSÉ REIGOSA PÉREZ	DNI.	10596870B	Nº	216
DE 1º VOGAL D/Dª	Mª DE LOS REYES OTERO IGLESIAS	DNI.	33313656L	Nº	88
DE 1º VOGAL D/Dª	JOSE MIGUEL RAMIL SEIVANE	DNI.	34635522Y	Nº	181
DE 2º VOGAL D/Dª	Mª DEL PILAR RDGUEZ VIDUEIRAS	DNI.	76581170W	Nº	315
DE 2º VOGAL D/Dª	ANTONIO OLEGARIO SANTE ALVAREZ	DNI.	77592739P	Nº	

SECCIÓN 002- MESA: A

TITULARES					
PRESIDENTE D/Dª	PABLO JAVIER SORDO ROCHA	DNI.	33997885K	Nº	216
1º VOGAL D/Dª	NOE VIDARTE GARCÍA	DNI.	34636873T	Nº	225
2º VOGAL D/Dª	DELEFINA RECALDE ROZAS	DNI.	77592750L	Nº	154
SUPLENTE					
DE PRESIDENTE D/Dª	ISABEL RON OTERO	DNI.	77597285T	Nº	198
DE PRESIDENTE D/Dª	MARIA ROSA PEREZ DÍAZ	DNI.	76565765F	Nº	146
DE 1º VOGAL D/Dª	MANUEL EDROSA ROIJO	DNI.	76559022A	Nº	54
DE 1º VOGAL D/Dª	PEDRO RODRÍGUEZ RIVAS	DNI.	76559022A	Nº	192
DE 2º VOGAL D/Dª	JOSÉ REGO LÓPEZ	DNI.	76566060A	Nº	156
DE 2º VOGAL D/Dª	ROSA IGLESIAS VENTOSO	DNI.	76547789V	Nº	220

SECCIÓN 002- MESA: B

TITULARES					
PRESIDENTE D/Dª	ESTEFANÍA GRANDÍO IGLESIAS	DNI.	33999946N	Nº	136
1º VOGAL D/Dª	MARIA JESÚS LÓPEZ LOUREIRO	DNI.	77597296B	Nº	165
2º VOGAL D/Dª	Mª. PIEDAD CARRACEDO BRAÑA	DNI.	33848587S	Nº	46
SUPLENTE					
DE PRESIDENTE D/Dª	LORENA MARADONA GUEIMONDE	DNI.	76581309A	Nº	188
DE PRESIDENTE D/Dª	JORGE LÓPEZ BARREIRA	DNI.	33999012K	Nº	160
DE 1º VOGAL D/Dª	JOSEFA RECALDE RODRÍGUEZ	DNI.	76558913D	Nº	248
DE 1º VOGAL D/Dª	JAVIER PEREZ ANDIÓN	DNI.	76558908G	Nº	231
DE 2º VOGAL D/Dª	OFELIA RIVAS FOLGUEIRA	DNI.	33305127T	Nº	263
DE 2º VOGAL D/Dª	CARLOS REIGOSA BRAÑA	DNI.	33538928Y	Nº	254

SECCIÓN 002- MESA: C

TITULARES					
PRESIDENTE D/Dª	MARIO GARCÍA FERNÁNDEZ	DNI.	35591207H	Nº	136
1º VOGAL D/Dª	EDITA FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ	DNI.	76565729V	Nº	83
2º VOGAL D/Dª	Mª. ANGELES LÓPEZ LOUREIRO	DNI.	76565727S	Nº	188
SUPLENTE					
DE PRESIDENTE D/Dª	MARÍA FRANCIA GINZO RODGUEZ.	DNI.	33110765A	Nº	148
DE PRESIDENTE D/Dª	MANUEL LÓPEZ SANCHEZ	DNI.	34638839B	Nº	193
DE 1º VOGAL D/Dª	Mª REMEDIOS BARREIRA GARCÍA	DNI.	33325395M	Nº	24
DE 1º VOGAL D/Dª	JOSEFA FERNÁNDEZ VALIÑA	DNI.	33856284P	Nº	106



Concello de Lourenzá

Praza do Conde Santo, s/n - 27760 - Lugo

Tif: 982 121 006 - 982 121 552

Fax: 982 121 506

CIIF: P2702700B

REL: 01270272



DE 2º VOGAL D/Dª.	Mª. JOSÉ COLDEIRA FERREIRA	DNI.	77593735S	Nº	57
DE 2º VOGAL D/Dª.	MONTSERRAT RIVAS VALEA	DNI.	77594985T	Nº	275

2º.- LECTURA E APROBACIÓN , SE PROCEDE, DO BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR DE DEZASETE DE MARZO DO 2016 (17/03/2016).

A continuación e no salón de sesións da Casa Consistorial pasouse ao segundo punto da orde do día, a lectura e aprobación, do borrador da acta da sesión anterior de 17/03/2016 e por parte da Sra. Álvarez Chao, voceira do P. Popular, manifestouse que en relación coas novas aparecidas na prensa sobre a súa actitude nos plenos, que quería enredar con mentiras e falsas informacións aos cidadáns, ela quería facer constar que era ó revés, que os insultos e falsas acusacións recibíaos ela do Sr.Arango, que estaba cansa de oír dicir que o que dicía eran "chorradas" e ver risas entre eles e a xente do público, ó que o Sr.Arango replicoulle que non era verdade, que iso non pasaba nos Plenos, que era na prensa onde ela dedicábase a facer ese tipo de comentarios sobre a actitude ditatorial e de burla do equipo de goberno e que él, o único que facía era aclarar e contestar ós insultos e á mala fe que ela amosaba nos medios de comunicación.

Por parte da Secretaría advertíuselle que o punto que estaban tratando era o borrador da acta da sesión anterior e tiña que centrarse no dito borrador.

A continuación e polo que se refire ó borrador, na páxina 6, despois do segundo parágrafo, non consta o que dixera o Sr. Arango: "Raxoi viveu catro anos falando da herdanza de Zapatero e que nos podíamos vivir catro anos falando da herdanza recibida do P.Popular".

Na páxina 29, no segundo parágrafo, cando di: " *A continuación pola Alcaldía informou que a apartires de agora e para dispoñer do mesmo tempo.....,*" ela dixera que: "*parecía lle ben porque incluso melloraba o debate*", e non constaba en acta.

No punto catorce, o Sr. Arango dixera que o Alcalde de Ourense manifestara "que moitos acordos plenarios non se cumprían", e dita frase non constaba en acta. Pola Secretaría aclarouse que o que dixera outro concelleiro, en todo caso, tería que dicilo o propio interesado se quería que constase en acta ou non, pero non ela e que de todas formas, era a Secretaría a que tiña a plena competencia para a redacción da acta.

Finalmente, na páxina 29, na pregunta b) formulada por ela non constaba a última parte da mesma que era: ¿ Cales son os sitios exactos?.

O borrador da acta foi aprobado cos votos a favor do P.Socialista e os votos en contra do P.Popular e B.N.G.

3º.- DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA DENDE A DATA DE 17/03/2016 ATA A DATA DE 26/05/2016.

A continuación deuse conta das Resolucións da Alcadía dende o día 17/03/2016 ata o día 26/05/16, sendo o numero de vinte e catro (24) e quedando o Pleno ao tanto do contido de todas elas.

4º.- DACIÓN DE CONTA DOS INFORMES DO PERÍODO MEDIO DE PAGO A PROVEEDORES DO PRIMEIRO TRIMESTRE 2016 DE CONFORMIDADE CO DECRETO 635/2014 DE 25 DE JULIO.

Neste punto do orde do día e de conformidade co disposto na Lei 15/2010 de 5 de xullo de modificación da Lei 3/2004 de 29 de decembro, de loita contra a morosidade nas operacións comerciais, dáse conta do informes do **PRIMEIRO TRIMESTRE DO EXERCICIO 2016 relativo ao CUMPRIMENTO/INCUMPRIMENTO DO PERÍODO MEDIO PAGO A PROVEEDORES** de conformidade coa establecido na Disposición Transitoria Única do Real Decreto 635/2014 do 25 de xullo, polo que se desenvolve a metodoloxía de cálculo do período medio de pago a provedores das Administracións Públicas e as condicións e o procedemento de retención de recursos dos réximes de financiamento previstos na Lei Orgánica 2/2012 de 27 de abril, de Estabilidade Presupostaria e Sostibilidade Financeira, e que no Concello cumpríuse no **PRIMEIRO TRIMESTRE** do Exercicio 2016, posto que o Período Medio Global foi de -11,35 días.

Ditos documentos foron remitidos á Oficina Virtual do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas o día 11/04/2016.

5º.- DACIÓN DE CONTA DO INFORME DE SECRETARÍA- INTERVENCIÓN SOBRE SEGUIMIENTO DO PLAN DE AXUSTE CORRESPONDENTE Ó PRIMEIRO TRIMESTRE DO 2016.

Seguidamente deuse conta do informe do **PRIMEIRO TRIMESTRE DO 2016** elaborado por Secretaría - Intervención e referente ao seguimento do Plan de Axuste que fora aprobado na sesión plenaria de 30/03/2012 e dando cumprimento ao disposto no artigo 10 do Real Decreto Lei 4/2012 de 24 de Febreiro. Igualmente infórmase que dito informe foi remitido ao Ministerio de Economía e Facenda o día 11/04/2016, tal e como queda constancia no expediente.

6º.- DACIÓN DE CONTA DO INFORME DE EXECUCIÓN DO PRESUPUESTO CORRESPONDENTE Ó PRIMEIRO TRIMESTRE DO ANO 2016.

Chegado este punto da Orde do día deuse conta do informe emitido sobre execución do presuposto correspondente ao **PRIMEIRO TRIMESTRE do exercicio 2016**, que foi enviado ao Ministerio de Economía e Facenda o día 08/04/2016, dando cumprimento ao disposto na Orde HAP/2105/2012 de 1 de outubro, pola que se desenvolven as obrigacións de subministro de información previstas na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Presupostaria e Sostibilidade Financeira:

RESUMO EXECUCIÓN PRESUPUESTARIA PRIMEIRO TRIMESTRE 2016	EUROS
FONDOS LÍQUIDOS	489.689,51
COBROS PRESUPUESTARIOS (CTES. E PECHADOS)	526.542,40
PAGOS PRESUPUESTARIOS (CTES. E PECHADOS)	315.172,53



Concello de Lourenzá

Praza do Conde Santo, s/n - 27760 - Lugo

Tlf: 982 121 006 - 982 121 552

Fax: 982 121 506

CI.F: P2702700B

REL: 0127027Z



7º.- PROPOSTA DA ALCALDÍA REFERENTE AO RECONECEMENTO DA DEDICACIÓN PARCIAL DA 2ª TENENCIA DA ALCALDÍA.

Chegado este punto e coñecido o contido da proposta da Alcaldía, abriu o debate o concelleiro do B.N.G., Sr. Fernández Villalba quen, pasándolle á Sra. Alcaldesa o programa electoral do P.Socialista nas anteriores eleccións municipais, rogoulle que lira un dos puntos do dito programa no que dicía "*reducir o soldo do Alcalde e eliminar o soldo do Tenente de Alcalde*". Continuo dicindo que non era normal dicir unha cousa e facer outra, que pensaba que á Sra. Alcaldesa quedáballe moi grande o concello e que, ó mellor o que tiña que facer era delegar noutros concelleiros e presentar a súa dimisión, que mentía como mentían todos os políticos, que o estábamos vendo de seguido na televisión e que a xente estaba cansa das mentiras.

A Sra. Alcaldesa contestoulle que ela non cría que mentía, que o soldo do anterior tenente de Alcalde non o tocaban, que ela baixarase o soldo e que aínda sumando o soldo proposta para o concelleiro delegado, non chegaban ao soldo da anterior alcaldesa. Tamén quixo aclarar que na prensa interpretaran mal a noticia, dicindo que baixaba do seu soldo a nova dedicación parcial e que ela mesma sacara unha nota aclarando o asunto.

A continuación tomou a palabra a voceira do P. Popular, Sra. Álvarez Chao, quen manifestou o seguinte: " Hoxe pola mañá cando leín a prensa , a verdade é que me alegrei que por fin a sensatez e a cordura chegaran ó concello de Lourenzá. A Sra. Alcaldesa a bombo e platillo que deixaría de percibir 5.681 Euros anuais para cederllos ao Sr. Concelleiro de obras.

Esa, houbera sido unha postura intelixente, Sra. López, e houbera recibido as miñas felicitacións e as do meu grupo, porque o certo é que a súa xestión sáelle moi cara aos veciños e veciñas de Lourenzá.

E dígolle esto con fundamento, non o digo por dicir, a súa xestión basease no "quedabien" , decirlle que si a todos e non facer nada, nas palmadiñas, no amiguismo e no colegueo, pero, toma de decisións, CERO.

Nuns días podrá facer balance dun ano de goberno e a verdade é que esperamos expectantes o seu balance, xa que, do único que pode presumir e das obras, non sei si faraónicas ou non, que este equipo lle deixou xestionadas.

Goberna o Partido Socialista na Deputación de Lugo, cantas xestións fixo vostede diante do que dí ser o seu amigo, o Sr. Presidente e Alcalde da Pontenova?. Ata onde este grupo sabe, ningunha. Cantas inversións trouxo vostede para este concello nun ano de goberno, a cantos particulares acompañou a facer xestións perante uns ou outros organismo para promover infraestruturas ou proxectos produtivos para Lourenzá? Non conteste, xa estamos acostumbrados a que non conteste nin nos dé información , pero neste caso, é sabido por todos unha vez máis, CERO.

E vostede que tanto se compara comigo, sabe cal foi o ratio de inversión por habitante do Concello de Lourenzá no ano 2013, é dicir, no primeiro ano do meu mandato, seguro que non o sabe, 150€, por riba de concellos como Cervo, con presupostos maiores, e iso sen contar obras que

foron contratadas e executadas pola Xunta de Galicia e non computa a inversión para este ratio, obras como por exemplo , entre outras, o arranxo da Avda. de Soutelo, que supuxo preto de 70.000 €, e or Sr. Arango sabe ben como estaba e como está, ou o ascensor do colexio, ou a pavimentación da rúa Fdez. del Riego.

Este dato, Sra. López, non o invento eu, teno vostede publicado no portal de transparencia do Concello. Leva vostede un ano presumindo de que o seu soldo era inferior ó meu, perdone o meu atrevemento, pero con total humildade, lle vou dicir dúas cousas:

1.- O meu soldo antes de estar en política era notablemente superior ao seu, eu trouxen unha nómina do meu posto de traballo que a Sra. Secretaria víu e pode atesorar.

2.- e tamén con humildade lle digo que á vista dos resultados , a súa xestión é moi inferior á miña, coas súas palmadiñas no hombro, o único que consigue é afundir Lourenzá, non conseguiu ningún proxecto nin inversión nun ano para o noso Concello, e todo vemos como está.

E dito esto, centrareime na dedicación parcial que nos ocupa. Cando vostede celebrou o pleno para fixarse o soldo, eu díxenlle como portavoz do grupo que represento que un alcalde non é caro nin barato en función do seu salario, díxenlle que era caro ou barato en función das xestións que realiza, e por iso, estre grupo sigue manténdose fiel a súa palabra, somos coherentes e non dicimos unha cousa cando gobernamos e outra cando estamos na oposición.

Sra. Alcaldesa, hai que ser serios. Vostede vendeu fume en campaña electoral, e agora non ten nin idea de por onde tirar. Vostede levaba no seu programa electoral que só habería unha dedicación exclusiva no concello, eso ao seu xuízo significa que é suficiente, pois sexa coherente e si de verdade quere cumprir cos veciños e veciñas de Lourenzá empece por non insultar a súa intelixencia con xogos dialécticos maquiavélicos. Renuncie vostede a parte da súa dedicación para darlla ao Sr. Rivas, cumpran o seu programa electoral e terán o noso apoio.

E para rematar, só me queda dicir que non estamos en contra de que cobre o Sr. Rivas, é lóxico que cobre polo seu traballo, e si realmente vai perder o día de traballar para estar no concello, como figura posto na nota de prensa da páxina do concello é normal que cobre por eso, do que si estamos en contra, como xa dixen é de que non cumplan o seu programa electoral, e por ese motivo vamos a votar en contra, e pregámoslle que, informe a este pleno de cal vai ser finalmente o horarios de atención aos veciños do seu compañeiro e cal é a partida de crédito concreta da que se vai facer traspaso de crédito.

Seguidamente tomou a palabra o voceiro do P. Socialista, Sr. Arango Ron, quen dixo que despois do mitin electoral dado pola Sra. voceira do P.Popular, que despois de tres anos como Alcaldesa, se foi tan boa, non entendería porque a xente non a volveu a votar, quizá porque a xente de Lourenzá era intelixente e a puxo no seu sitio e que en canto as grandes obras que fixera, habería moito que dicir, que estaban as pontes de San Adriano aínda sen facer, a casa verde da Avda. de Mondoñedo na que terían que gastar cerca de 80.000 euros, e o Pazo de Tovar, no que segundo a



Concello de Lourenzá

Praza do Conde Santo, s/n - 27760 - Lugo

Tlf: 982 121 006 - 982 121 552

Fax: 982 121 506

CIF: P2702700B

REL: 01270272



sentencia que se recibira fai uns días, non só ían a ter que devolver ós 56.856,20 Euros que adiantara a Xunta, senón que tampouco ían a cobrar os 41.032,38 Euros que faltábanlle por ingresar á Comunidade Autónoma, e en canto ós ascensores do colexio, habería moito que dicir dos gastos que acarreaban posto que houbo e hai que amañalos mil veces.

Tamén sinalou que o seu grupo baixara o soldo da Alcaldesa respecto ao que cobraba a anterior e que eliminara o soldo do Tenente de Alcalde e que agora aínda non chegaban ó que cobraba ela, e que o Sr. Rivas non se beneficiaba en absoluto posto que ía a perder cartos xa que que ó ter dos salarios ía a ter que cotizar máis a facenda pública.

A Sra. López García tomou a palabra para dicir que a Sra. Álvarez Chao nun principio saíra moito máis cara que ela agora, e que despois tivera que baixarse o soldo porque así o dispoñía a nova Lei e que en ningún momento se comparaba con ela, que estaba a anos luz e que en canto ó que dicía de que fixera moita máis xestión que ela, contestoulle que agora ela tiñase que dedicar a amañar moitos dos problemas e "marróns" que deixara na súa etapa como alcaldesa, continuou dicindo que este acordo viña como resposta á demanda de moitos veciños, que o pedían, que querían un contacto directo co concelleiro delegado de obras, e que en canto ó horario, sería de nove a tres e previsiblemente, os venrés.

A Sra. Álvarez Chao indicou que non era verdade o que dixeran a Alcaldesa, que ela baixárase o soldo canto tomara posesión, que baixárase do soldo en relación co que tiña antes cando traballaba na esfera privada pero non cando saíra a Lei, que iso non era verdade, o que, a petición súa, foi corroborado por esta Secretaria - Interventora, e ó Sr. Arango, díxolle que o problema co edificio da Avda. de Mondoñedo, tamén o herdara ela, que de feito, nin formaba parte da Xunta de Goberno Local naquela época, e que en canto ó problema co Pazo de Tovar, seguiu o problema moi directamente e que lamentaba que fora así porque era da opinión de que non se tiña porque perder , e, en canto ós ascensores do colexio, a contratación non fora xestionada polo concello e ela non tiña responsabilidade de cómo quedaran feitas as obras.

O Sr. Arango manifestou que a Sra. Álvarez Chao recordáballe á Sra. Esperanza Aguirre, que sempre lavábase as mans e botaba a culpa ós demais.

Pola súa parte o Sr. Fernández Villalba preguntoulle ó equipo de goberno se de verdade crían que cumprían co seu programa e ó contestarlle afirmativamente indicou que agardaba que alguén soubera explicarllelo porque non o entendía, que el estaba a favor de que os concelleiros cobrasen se desempeñaban un traballo, incluso se nun momento determinado teñen que deixar o seu traballo para facer unha labor do concello, que non lle parecía mal que cobraran por iso, o que lle indignaba era a mentira, que prometeran cousas e despois non as cumpriran, que vería máis honesto, recoñecelo, pedir desculpas e dicir que se equivocaron.

En canto á partida presupostaria, por Secretaria - Intervención informouse que tal como constaba no informe obrante no expediente as partidas serían da 920.160 ás 912.100 e 912.160.

Finalizou o debate a Sra. Alcaldesa para dicir que a ela gustáballe dicir a verdade e que por iso en canto leou na prensa que ía descontalo do seu soldo, enseguida desmentiu porque non quería faltar a verdade.

Dado por finalizado o debate, pasouse á votación e o Pleno, en votación ordinaria e por cinco votos a favor, do P.S. de G.-P.S.O.E., catro en contra, do P.Popular e unha abstención, do B.N.G., adoptou o seguinte acordo:

PRIMEIRO.- Aprobar a Proposta da Alcaldía de 20/05/2016 referente ao recoñecemento da dedicación parcial da 2ª Tenencia da Alcaldía, sendo o seu contido literal o que segue:

“Pola Alcaldía - Presidencia deste Concello, á vista do disposto no artigo 13.3 e 4 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais e artigo 225 da Lei 5/97 de 22 de xullo de Administración Local de Galicia, así como no artigo 18 da Lei 27/2013 de 27 de decembro de Racionalización e Sostenibilidade da Administración Local polo que se introduce o artigo 75.bis, da Lei 7/85 de 2 de abril Reguladora das Bases de Réxime Local, propónse ó Pleno Municipal a adopción dos acordos seguintes:

Primeiro.- Que, tendo en conta que o exercicio do cargo do Segundo Tenente de Alcalde, D. Carlos Rivas Rivas, que ostenta a delegación da concellería de Obras, Urbanismo, Infraestruturas e Tráfico, é un dos que require dunha maior atención e dedicación e que ademais debe facerse de forma continuada, éste se preste, en aras a unha maior eficiencia, en réxime de dedicación parcial, debendo ter unha presenza efectiva mínima no Concello de trinta (30,00) horas mensuais. O horario preferente será entre as 9,00 e as 15,00 horas, sen prexuízo de que necesidades do servizo esixan o exercicio das súas funcións fora do mencionado horario.

Segundo.- . A contía da retribución ascenderá a catrocentos cinco euros con oitenta céntimos (405,80.-) brutos mensuais, que se percibirán en catorce pagas, doce correspondentes ás diferentes mensualidades do ano e as dous restantes correspondentes ás mensualidades de xuño e decembro, e cos incrementos anuais que para funcionarios se establezan nas Leis de Presupostos respectivas. O membro da Corporación con dedicación parcial non percibirá asistencias pola concorrencia efectiva ás sesións dos órganos colexiados do Concello dos que forme parte.

Terceiro.- Formalizar o correspondente contrato de traballo e a alta no réxime xeral da Seguridade Social de conformidade co artigo 75.1 da Lei 7/85 xa citada e artigo 225 da Lei 5/97 de 22 de xullo de Administración Local de Galicia, debendo asumir esta Corporación o pagamento das cotas empresariais que corresponda.

Carto.- Dado que o Segundo Tenente de Alcalde, Concelleiro delegado de Obras, Urbanismo, Infraestruturas e Tráfico, ten a condición de traballador por conta aliea , declarar o sargo e a dedicación establecida no Concello compatible con dita condición.

Quinto.- Que se publique no Boletín Oficial da Provincia de forma íntegra o presente acordo a efectos de xeral coñecemento.



Concello de Lourenzá

Praza do Conde Santo, s/n - 27760 - Lugo

Tlf: 982 121 006 - 982 121 552

Fax: 982 121 506

CIF: P27027008

REL: 01270272



Sexto.- Notificarlle dito acordo ao interesado e ao Servizo de Persoal e Secretaría- Intervención para o seu coñecemento e para os efectos oportunos.

É a miña proposta, non obstante a Corporación acordará o que estime pertinente, en Lourenzá a vinte de maio dous mil dezaseis.

SEGUNDO.- Facultar á Sra. Alcaldesa, Da. Rocío López García para a xestión de trámites e sinatura de documentos que sexan necesarios para a execución do presente acordo.

8º.-PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE MODIFICACIÓN DA ORDENANZA REGULADORA DA VENDA AMBULANTE NO QUE RESPECTA OS MERCADOS DOMINICAIS E ADOPCIÓN DO ACORDO QUE PROCEDA.

Neste punto da Orde do día, coñecido o contido da proposta da Alcaldía e unha vez que pola Sra. Alcaldesa explicáronse e razoáronse cada uno dos cambios propostos, indicando que modifícaronse as datas porque despois de convocar unha reunión para as persoas interesadas chegouse a conclusión que todo o ano non era viable e ademais que as casetas que había non aguantarían o mal tempo de auga e vento. Continuou dicindo que por agora soamente houbera dúas solicitudes , que de feito ampliarían o prazo para a presentación das mesmas porque na reunión quedaríase que polo menos tiña que haber cinco postos para poder levar a cabo o mercado das prazas.

Seguidamente tomou a palabra o concelleiro do B.N.G., Sr. Fernández Villalba para preguntar se mantivéranse reunións coa Asociación de Comerciantes, que ó mellor era bo impicalos porque estaba claro que con dous postos no pagaba a pena facelo e que incluso con cinco parecíalle moi pouco.

Pola Alcaldía contestóuselle que estaban abertos a todo, que a reunión convocarase para todo o mundo pero que non tiñan inconveniente en poñerse en contacto coa ACIAL, para ver se podían impulsalo dagunha maneira.

Pola súa parte, a voceira do P.Popular, Sra. Álvarez Chao, apuntou, en relación coas modificacións propostas, o seguinte:

a)No artigo 10 bis, di: "*Por norma xeral establécese o día 30 de maio de cada ano natural..*", e vendo que este ano non era dita data, ó mellor era conveniente cambiálo.

Pola Alcaldía indicouse que dicíase "por norma xeral ..." independentemente que este ano, por ser o primeiro, non coincidira, sería o desexable nos anos posteriores.

b) No artigo 11 bis, onde di: "... *ter a explotación dada de alta no réxime correspondente*", eliminouse o que figuraba na Ordenanza anterior "... *estar de alta na Seguridade Social no réxime correspondente*", e quizá sería conveniente que seguira esixíndose para os autónomos que foran artesáns.

Tras un breve debate, o pleno acordou aceptar a modificación proposta pola Sra. Álvarez Chao e, en consecuencia, artigo 11 bis, quedará redactado da seguinte maneira: "*Estar en activo, é dicir, ben estar de alta*

na Seguridade Social no réxime correspondente ou ben, no seu caso, ter a explotación dada de alta no réxime correspondente e estar legalmente establecido segundo a regulamentación e lexislación aplicable”.

c) No artigo 12 bis, o parágrafo que se modifica, substitúese a frase: “serán os únicos que teñan titularidade permanente” por “procurarase que teñan titularidade permanente ...”, e quizá, e tendo en conta que se trata dunha ordenanza, debería ser máis tallante.

Por parte do voceiro do grupo socialista indicouse que a razón da modificación de dita frase era por non deixalo tan pechado, que puideran aparecer circunstancias que agora non foran previstas e que impedirían poder facelo.

Despois de comentar en conxunto as dificultades que ía a ter este proxecto para poñelo en marcha e dado por suficientemente debatido este punto, o Pleno, en votación ordinaria e por unanimidade dos dez concelleiros presentes na sesión sendo o seu número legal de once, acordou o seguinte.

PRIMEIRO.- Aprobar a Proposta da Alcaldía sobre MODIFICACIÓN DA ORDENANZA REGULADORA DA VENDA AMBULANTE NO QUE RESPECTA OS MERCADOS DOMINICAIS, coa modificación aportada polo grupo municipal do Partido Popular, sendo o seu contido final o que segue:

“D^ñ. ROCÍO LÓPEZ GARCÍA, ALCALDESA-PRESIDENTA DO CONCELLO DE LOURENZÁ (LUGO).

Vista a proposta de implantación dos mercados dominicais de data 09 de Marzo de 2015 que foi presentada a Mesa de Comercio na sesión celebrada e que foi informada en sentido favorable por esta, tal e como queda constancia no expediente.

Vistas as conclusións obtidas na reunión informativa celebrada cos produtores o pasado día 15 de Abril para poder facer realidade a proposta, faise necesario modifica-la Ordenanza Reguladora da Venda Ambulante no que se refire aos mercados dominicais que fora aprobada polo Pleno na sesión celebrada o 27/08/2015.

Esta Alcaldía, PROPÓN Ó PLENO DA CORPORACIÓN A MODIFICACIÓN DA ORDENANZA REGULADORA DA VENDA AMBULANTE NOS SEGUNTES ARTIGOS:

PRIMEIRO.- ARTIGO 7 BIS: MERCADOS PERIÓDICOS DOMINICAIS.

No segundo parágrafo onde di:

“O “Mercado das Prazas” celebrarase na Praza do Conde Santo e terá lugar os primeiros e terceiros domingos de cada mes durante todo o ano, sen prexuízo dos acordos puntuais que entre o Concello de Lourenzá e os produtores podan chegar de cara a organizar este mercado noutros días ou períodos.”

Debería dicir:

“O “Mercado das Prazas” celebrarase na Praza do Conde Santo e terá lugar os segundos e cuartos domingos de cada mes dende Xuño a Outubro, ambos inclusive, sen prexuízo dos acordos puntuais que entre o Concello de Lourenzá e os produtores podan chegar de cara a organizar este mercado noutros días, períodos ou lugares.”

O horario de apertura será de 09,00 horas a 14,00 horas.

SEGUNDO.- ARTIGO 10 BIS.- A AUTORIZACIÓN PREVIA NOS MERCADOS PERIÓDICOS DOMINICAIS.

A proposta da Alcaldía - Presidencia ditará unha resolución declarativa das titularidades dos postos, polo período de cada anualidade natural.

No segundo parágrafo onde di:



Concello de Lourenzá

Praza do Conde Santo, s/n - 27760 - Lugo

Tlf: 982 121 006 - 982 121 552

Fax: 982 121 506

CIF: P2702700B

REL: 01270272



“Por norma xeral, establécese, o día 01 de Abril de cada ano natural como data máxima para presentar as solicitudes para participar anualmente dentro do mercado.”

Debería dicir:

“Por norma xeral, establécese, o día 30 de Maio de cada ano natural como data máxima para presentar as solicitudes para participar anualmente dentro do mercado.”

TERCEIRO.- ARTIGO 11 BIS.- DA SOLICITUDE DE AUTORIZACIÓN NOS MERCADOS PERIÓDICOS DOMINICAIS.

No segundo punto onde di:

“Estar en activo, é dicir, estar de alta na Seguridade Social no Réxime correspondente e estar legalmente establecido segundo a regulamentación e lexislación aplicable.”

Debería dicir:

“Estar en activo, é dicir, ben estar de alta na Seguridade Social no réxime correspondente ou ben, no seu caso, ter a explotación dada de alta no réxime correspondente e estar legalmente establecido segundo a regulamentación e lexislación aplicable”.

CARTO.- ARTIGO 12 BIS.- CRITERIOS PARA ADXUDICACIÓN DOS POSTOS DE VENDA AMBULANTE NO MERCADO DOMINICAL E PARA A PERDA DOS MESMOS.

A) 12.1 DA ASIGNACIÓN DOS POSTOS

No segundo parágrafo onde di:

“Os agricultores cuxa explotación teña censada no propio Concello de Lourenzá serán os únicos que teñan titularidade permanente dos postos que lles sexan asignados, sempre que cumpran coas obrigas establecidas nestas bases para os titulares dos postos e tendo en conta aquilo establecido na perda de condición de titular do posto. Independentemente deste criterio, deberán acreditar anualmente que cumpran as obrigas como participantes na data establecida neste convenio de cara a participar anualmente no mercado dos domingos.”

Debería dicir:

“Os agricultores e artesáns que participaron nas primeiras edicións deste Mercado das prazas e que teñan a explotación censada no propio Concello de Lourenzá procurárase que teñan titularidade permanente dos postos que lles sexan asignados, sempre que cumpran coas obrigas establecidas nestas bases para os titulares dos postos e tendo en conta aquilo establecido na perda de condición de titular do posto. Independentemente deste criterio, deberán acreditar anualmente que cumpran as obrigas como participantes na data establecida neste convenio de cara a participar anualmente no mercado dos domingos.”

No último parágrafo onde di:

“Así mesmo, de cara a garantir o cumprimento dos requisitos para participar neste mercado, deberáase renovar a solicitude anualmente, tendo como prazo límite xeral o 01 de Abril de cada ano.”

Debería dicir:

“Así mesmo, de cara a garantir o cumprimento dos requisitos para participar neste mercado, deberáase renovar a solicitude anualmente, tendo como prazo límite xeral o 30 de Maio de cada ano.”

B) 12.2 DA PERDA DA CONDICIÓN DE TITULAR DO POSTO

No último punto onde di:

“Cando non asista ao mercado 3 veces seguidas ou 4 alternativas sen causa que o xustifique, sendo unha causa xustificada a asistencia á Festa da Faba que se celebra a primeira fin de semana de Outubro de cada ano.”

Debería dicir:

“Cando non asista ao mercado 3 veces seguidas ou 4 alternativas sen causa que o xustifique.”

QUINTO.- ARTIGO 14. BIS – RÉXIME ECONÓMICO DOS MERCADOS PERIDICOS

DOMINICAIS.

No segundo parágrafo onde di:

“Para os produtores e titulares dos postos terá un coste de 5€/mercado, que será entregado ao empregado municipal encargado en cada momento.”

Debería dicir:

“Para os produtores e titulares dos postos durante o primeiro ano de celebración do “Mercado das prazas” será gratuito e en anos posteriores terá un custo acordado entre o Concello de Lourenzá e os propios produtores, en función das expectativas acadadas o primeiro ano, contia que será entregada ao empregado municipal encargado en cada momento.”

SEXTO.-ARTIGO 15 BIS. OBRIGAS

15.1 DOS PRODUTORES E TITULARES DOS POSTOS DOS MERCADOS PERIÓDICOS

DOMINICAIS.

Nos dous últimos puntos onde di:

“Asistir a tódolos mercados que se celebren salvo causa xustificada que se deberá comunicar ao Concello de Lourenzá, segundo o punto d); como por exemplo, a participación na Festa da Faba que se celebra a primeira fin de semana de Outubro de cada ano.

Os prezos do mercado que coincida coa Festa da Faba deberán ser iguais aos que rixan nas denominadas “casetas dos fabeiros”. ”

Debería dicir:

“Asistir a tódolos mercados que se celebren salvo causa xustificada que se deberá comunicar previamente ao Concello de Lourenzá.”

É a miña proposta, non obstante o Pleno acordará o que estime procedente en Lourenzá, a doce de Maio do 2016.”

SEGUNDO.- Somete-lo presente acordo plenario ós requisitos de exposición ó público a efectos de reclamacións, durante trinta días e anunciado por medio de edicto, que se publicará no Boletín Oficial da Provincia e no Taboleiro de Anuncios deste Concello, tal como preceptúa o art. 17 do Real Decreto Lexislativo 2/2004 de 5 de marzo polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

TERCEIRO.- A Ordenanza Modificada entrará en vigor unha vez sexa publicada integramente no Boletín Oficial da Provincia de Lugo e cando transcorrese o prazo a que se refire o artigo 70.2 en relación con 65.2 da Lei 7/85 de 2 de abril Reguladora das Bases de Réxime Local. Seguirá en vigor mentres non se acorde a súa modificación ou derogación expresa.

CARTO.- Elevar a definitivo este acordo se non se presentan reclamacións ó mesmo e continuar o expediente ata a súa conclusión, de conformidade co procedemento previsto no artigo 17 da referido Real Decreto Lexislativo 2/2004 de 5 de marzo polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais. O acordo definitivo resolvendo, no seu caso, as reclamacións presentadas e a nova redacción da Ordenanza haberá de ser publicado no B.O. de la Provincia, segundo dispón o número catro do mesmo artigo e Lei xa citados.

QUINTO- Facultar á Alcaldía para tódolos trámites precisos no cumprimento deste acordo.



Concello de Lourenzá

Praza do Conde Santo, s/n - 27760 - Lugo

Tlf: 982 121 006 - 982 121 552

Fax: 982 121 506

CIF: P2702700B

REL: 01270272



9º.- EXAME E APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POR UTILIZACIÓN DA PISTA DE PADEL.

Seguidamente e chegando este punto da orde do día, pola Sra. Alcadesa indicouse que sometiase a votación do Pleno a Ordenanza Reguladora da Taxa por utilización da Pista de Pádel, que nalgúns concellos cobrábase o consumo de luz aparte pero que eles consideraran máis conveniente incluílo todo na cota da Taxa.

Aberto o debate, a voceira do P.Popular, Sra. Álvarez Chao comezou dicindo que o seu grupo alegrábase que por fin o equipo de goberno tivera elaborado unha ordenanza e que a Pista de Padel puidera ser utilizada polos veciños, indicando tamén que aínda que era mais caro que noutros concellos limítrofes, o que votaba máis de menos era que non houbera un prezo máis económico para nenos, ou máis ben, xoves, é dicir, para os que non foran maiores de idade e non tiveron ingresos e ante a posibilidade de que aínda que as Escolas Deportivas organizaran a utilización da pista, habería quen non formara parte delas e podían querer ir a xogar.

Tras un breve debate sobre o tema e ante imposibilidade de poder exercer un control rigoroso sobre quen xogaba en que non, ó final, o Pleno, considerou que sería máis operativo baixar o importe da Taxa e poñer un importe único para todos, independentemente da idade, e que fora de catro (4) euros por hora e media.

Finalizado o debate, o Pleno, en votación ordinaria e por unanimidade dos dez concelleiros presentes na sesión sendo o seu número legal de once, adoptou o seguinte acordo:

PRIMEIRO.- Aprobar a Ordenanza Fiscal Reguladora da Taxa por Utilización da Pista de Pádel, sendo o seu contido o que segue:

"ARTIGO 1º.- FUNDAMENTO E NATUREZA.

No uso das facultades outorgadas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, e de conformidade co disposto nos artigos 20 e 21 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, este Concello estable a taxa por utilización da pista de Pádel municipal, que se rexerá pola presente ordenanza fiscal, que nas súas normas atende ó previsto no artigo 57 da Lei 39/1988.

ARTIGO 2º.- FEITO IMPOÑIBLE.

Constitúe o feito imponible desta taxa a reserva da utilización para o seu uso específico da pista de Pádel municipal do Concello de Lourenzá estando incluído a utilización do alumeadado da mesma .

ARTIGO 3º.- SUXEITO PASIVO.

1.- Son suxeitos pasivos contribuíntes as persoas físicas e xurídicas, e as entidades ás que se refire o artigo 35 da Lei Xeral Tributaria, que soliciten ou resulten beneficiarias desta reserva.

ARTIGO 4º.- COTA TRIBUTARIA.

A cota a pagar resultará de aplicar a seguinte tarifa:

CONCEPTO	EUROS
----------	-------

Reserva da Pista de Pádel Municipal	4 € / hora e media
-------------------------------------	--------------------

ARTIGO 5º.- DEVENGO.

A presente taxa devéngase no momento da solicitude nas oficinas municipais da reserva da pista de Pádel municipal.

ARTIGO 6º.- XESTIÓN.

O pago realizarase nas oficinas municipais no momento de levar a cabo a reserva da pista de Pádel municipal, cubrindo o correspondente formulario onde constarán os datos do solicitante, día e horas reservadas.

O solicitante farase responsable dos danos causados nas instalacións municipais durante a utilización das mesmas. Está absolutamente prohibido que os usuarios da mesma cobren pola súa utilización a terceiras persoas; isto dá lugar á perda inmediata do dereito ó uso da pista, sen prexuízo de calquera outra medida sancionadora que o concello considere oportuno aplicar.

O Concello poderá limitar o uso da pista de Pádel en determinados momentos ou horarios por razóns de interese público.

O Concello reservase o seu dereito de non admitir o uso das instalacións en aqueles casos en que considere que se poden producir danos ou desperfectos nas mesmas.

ARTIGO 7º.- INFRACCIÓNS E SANCIÓNS.

No concernente ás infraccións e sancións, rexerá o disposto na Lei Xeral Tributaria.

ARTIGO 8º.- DISPOSICIÓN FINAL.

Esta ordenanza entrará en vigor o día da súa publicación íntegra no B.O.P. e permanecerán en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.”

SEGUNDO.- Somete-lo presente acordo plenario ós requisitos de exposición ó público a efectos de reclamacións, durante trinta días e anuncialo por medio de edicto, que se publicará no Boletín Oficial da Provincia e no Taboleiro de Anuncios deste Concello, tal como preceptúa o art. 17 do Real Decreto Lexislativo 2/2004 de 5 de marzo polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

TERCEIRO.- A Ordenanza Fiscal aprobada entrará en vigor unha vez sexa publicada integramente no Boletín Oficial da Provincia de Lugo e cando transcorrese o prazo a que se refire o artigo 70.2 en relación con 65.2 da Lei 7/85 de 2 de abril Reguladora das Bases de Réxime Local. Seguirá en vigor mentres non se acorde a súa modificación ou derogación expresa.

CARTO.- Elevar a definitivo este acordo se non se presentan reclamacións ó mesmo e continuar o expediente ata a súa conclusión, de conformidade co procedemento previsto no artigo 17 da referido Real Decreto Lexislativo 2/2004 de 5 de marzo polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais. O acordo definitivo resolvendo, no seu caso, as reclamacións presentadas e a nova redacción da Ordenanza Fiscal haberá de ser publicada no B.O. de la Provincia, segundo dispón o número catro do mesmo artigo e Lei xa citados.

QUINTO.- Facultar á Alcaldía para tódolos trámites precisos no cumprimento deste acordo.



Concello de Lourenzá

Praza do Conde Santo, s/n - 27760 - Lugo

Tlf: 982 121 006 - 982 121 552

Fax: 982 121 506

CIF: P2702700B

REL: 01270272



10º.- MOCIÓN DO PARTIDO POPULAR PARA DAR SOLUCIÓN Á PROBLEMÁTICA DOS ANIMAIS DOMÉSTICOS ABANDONADOS NO TERMO MUNICIPAL DE LOURENZÁ.

Neste punto, en primeiro lugar, tomou a palabra o concelleiro do P.Popular e asinante da moción,o Sr. Rodríguez Barrera, quen indicou que o motivo da mesma era que existía un problema importante no Concello de Lourenzá e que era unha labor de todos buscarlle unha solución, especialmente agora, cando era por lei que o concello estaba obrigado a facerse cargo dos animais domésticos abandonados.

Tomou a palabra o concelleiro do B.N.G., Sr. Fernández Villalba, recoñecendo que efectivamente o problema estaba aí, pero que un convenio suporía un gasto de cartos para o concello , que terían que habilitar unha partida e preguntou que se facía agora no concello cando aparecía algún animal abandonado.

Por parte do Sr.Arango, voceiro do equipo de goberno, indicouse que estaban traballando niso, que miraran varios presupostos pero que volvía un pouco a dicir o que dixeran noutro punto, que resultaba bastante caro para un concello ó que o anterior equipo de goberno lle deixara moitos asuntos pendentes (Pazo de Tovar, licenza de Marful etc.) e resultaba bastante costoso posto que saía sobre catro mil euros ó ano e para soamente dez recollidas, despois terían que pagar outros trescentos euros por cada animal a maiores. Dixo tamén que moitas veces sacábanse leis que era de moi difícil aplicación sobre todo para concellos pequenos, con pouco presuposto e poucos medios como era o caso de Lourenzá e que gustarlílle saber o que facía o concello antes de que gobernasen eles porque non tiñan asinado ningún convenio como o que agora solicitaban.

A voceira do P.Popular, Sra. Álvarez Chao indicou que, cando ela era alcaldesa, os animais abandonados que atopaban levábanse á feira, facíanlles fotos e as colgaban en internet e sempre saíran adoptantes, ata incluso un traballador do concello, e algunhas veces tiveran que recorrer á colaboración da Protectora de Foz que prestaralles axuda sen ser socios grazas a colaboración de Ana Belén Barreira.

O Sr. Arango, voceiro do P.Socialista, indicou que el tiña outra información do que se facía cando gobernaba o P.Popular, que, ó parecer, levábanse os cans aos concellos limítrofes,ó que por parte da Sr. Álvarez Chao desmentíuse radicalmente dicindo que iso no era verdade, que non o facían nunca porque ademais era un delito.

Pola súa parte o Sr. Fernández Villalba preguntou se non se podía acondicionar o local do recinto feiral, o que pola Alcaldía respondéuselle que ó mellor era máis complicado iso que asinar un Convenio , que de feito,e cos últimos cans aparecidos en Santo Adrao houbera moito problema porque fora imposible collelos, que tiña que ser persoal preparado e que os traballadores do concello, como era lóxico, non o estaban e sempre era un perigo porque podían trabalos.

O Sr. Rodríguez Barrera indicou que independentemente do debate que puidera suscitarse era un tema importante ó que debería buscarse unha solución conxunta e a Corporación en pleno, consciente da necesidade

dunha solución que fora boa para o Concello e os seus veciños, acordou, por unanimidade, aprobar a moción coa inclusión dun terceiro apartado onde constara que levaríanse a cabo as propostas contidas na mesma cando existira consignación presupostaria, facendo o posible para que fora a partires do vindeiro ano dous mil dezasete.

Finalizado o debate, o Pleno, pasou á votación ordinaria e por unanimidade dos dez concelleiros presentes na sesión, sendo o seu número legal de once, **ACORDOU:**

Primeiro.- Aprobar a Moción presentada polo Partido Popular para dar solución á problemática dos animais domésticos abandonados no termo municipal de Lourenzá, coa modificación aprobada por unanimidade, quedando, polo tanto, o seu contido como segue:

"EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

A defensa e protección dos animais de compañía e unha atribución das Administracións Públicas a quen corresponde as funcións nesta materia. Os Concellos, no seu ámbito de competencias deben facer cumprimento do disposto na lexislación vixente, tal e como establece, entre outros, o artigo 54 do Decreto 153/1998, de 2 de abril, de Protección de animais domésticos e salvaxes en cativeiro, que determina que corresponde as administración locais a recollida de animais abandonados nos seus respectivos termos municipais.

E non só teñen os concellos a obriga antes citada, os Concellos teñen que facerse cargo dos animais abandonados ou extraviados ao amparo do que ditamina a Lei de Protección se seguridade cidadá ante accidentes, agresións ou enfermidades, e todo isto baixo a premisa que marca a lexislación no tocante ao Benestar Animal.

O Concello de Lourenzá non é alieo a un mal desta sociedade como é o abandono e maltrato animal, nestes tempos hai varios casos de cans abandonados no noso Concello. Algún xa deixou de ser problema, xa que foi atropelado, pero outros aínda o son. Ante as peticións dos veciños de facer algo con estes animais, é a nosa obriga buscar unha solución, eficiente e digna, para estes animais que foron abandonados á súa sorte.

Como dixo no seu día Mahatma Gandhi: "un país, unha civilización pódense xulgar pola forma en que trata aos seus animais".

*Por todo o exposto, o Grupo Municipal do Partido Popular no Concello de Lourenzá, propón ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte **ACORDO:***

1º.- Asinar un Convenio cunha protectora de animais que opere na zona a fin de garantir a recollida e posterior recuperación física e psicolóxica destes animais abandonados para a súa posterior inserción social como mascotas de compañía, maioritariamente a través da adopción.

2º.- Incluir como obrigas da protectora, polo menos, os seguintes puntos:

- a.- Recollida e traslado dos animais abandonados ou maltratados.*
- b.- Identificación do animal a través do microchip, e de non telo, instarlle un e tramitar a súa alta no REGIAC.*
- c.- Realización de atencións veterinarias curativas e preventivas.*



Concello de Lourenzá

Praza do Conde Santo, s/n - 27760 - Lugo

Tf: 982 121 006 - 982 121 552

Fax: 982 121 506

CIF: P2702700B

REL: 01270272



d.- Procurar a adopción ou acollida da maior parte dos animais recollidos."

3º.-Levar a cabo a execución deste acordo cando exista consignación presupostaria,facendo o posible para que sexa a partires do vindeiro exercicio do dous mil dezasete.

11º.-ROGOS E PREGUNTAS

11.1.A-) Os ROGOS formulados polo concelleiro do B.N.G., Sr. Fernández Villalba, foron os seguintes:

a) O acceso ós Carballas en días de choiva atópase en estado intransitable. Rogámoslle que nos explique que actuacións acometeu esta Alcaldía ao respecto.

A Sra. Alcadesa indicou que ós empresarios que estiveron traballando na pista se lles esixiu que limparan e quedou moi ben, pero o da auga débese a que ten un vadén considerable e a solución pasaría por facer una canalización en condicións e votar unha capa de na pista

b)En San Lourenzo, o camión de lixo pasouse de ir unha vez a semana a só unha vez cada quince días. Rogamos faga as xestións pertinentes para que pase semanalmente.

A Alcaldía indicou que tomaba nota do rogo.

c) Na Xunta de Goberno de decembro aparecen varias baixas no Padrón de residuos urbanos porque non reúnen as mínimas condicións de habitabilidade. Rogamos se faga público mediante bandos, carteis o calquera outro medio que estime preciso, e así se poidan beneficiar o maior número de veciños e veciñas.

Pola Alcaldía tomouse razón do rogo.

d) A estrada LU-2801 ,ao seu paso polo lugar de Redondelo na parroquia de Santo Adrao, carece de beirarrúas. Trátase dun tramo estreito entre vivendas habitadas. Rogámoslle que valore a posibilidade de dirixirse ao organismo pertinente par ver que tipo de medidas ou elementos de seguridade (bandas rugosas ou outras) se poden instalar, de xeito que leve aos automobilistas a reducir a velocidade.

Tamén pola Alcaldía tomouse razón deste último rogo do concelleiro do B.N.G., Sr. Fernández Villalba.

11.1.B) Por parte da voceira do P.Popular, Sra. Álvarez Chao, indicouse que o seu grupo non presentaba ningún rogo novo, que unicamente pedía á Alcaldía que cumprira os ROGOS formulados polo seu grupo nos plenos anteriores .

11.2.A)As PREGUNTAS formuladas pola voceira do Grupo Municipal do P.Popular, Sra. Álvarez Chao, que quedaran pendentes de contestar na sesión plenaria celebrada o pasado 17/03/2016 foron as seguintes:

a) Na última acta da Xunta de Goberno, hai unha Resolución da Alcaldía de 17/12/2015 pola que se aproba una factura de Noemí Sarai Alcobendas, rexistradora da propiedade, por importe de

127,80 Euros e para legado finca Ana María Campos, ¿a que se debe dito concepto?

Corresponde á tramitación do expediente do Cemiterio de Santo Tomé, concretamente á inscrición no Rexistro da Propiedade da aceptación do legado da finca 9-2965 feito por D. José Pérez Fernández á súa sobriña D^a. Ana María Campos Pérez, inscrición necesaria para que o concello puidera inscribir despois no Rexistro a compra e segregación dos 700 m2 de dita finca 9-2965.

b) Na Xunta de Goberno do 23/02/2016 aparece a aprobación da relación dos camiños incluídos no Plan Marco por importe de 83.575,91 euros, e cunha superficie de 3,796 Km., saíndo a 22.000,00 Euros o kilómetro, podíaseos explicar en que consiste o arranxo desas pistas?, no acordo non se especifica a que parroquia pertencen e hai lugares, como Lavandeira, que existen en dúas parroquias. ¿ Cales son os sitios exactos?.

Trátase de obras de mellora e acondicionamento de cunetas e do firme das vías , e que ven determinado en función das necesidades propias que se observaron en cada un dos camiños que van incluídos. A relación de viarios incluídos no Plan Marcos son os seguintes: Camiño de Lavandeira (San Xurxo); Camiño de San Pedro (Santo Tomé); Camiño Chacote (Santo Tomé - Canedo);Camiño de Outeiro (San Xurxo); Camiño de Penelas 1 e 2 (Santo Adrao), Camiño de Soutovello (San Xurxo) e Camiño do Pacio (Sto.Tomé) a Canedo (Tovar).

c) No Obradoiro de Emprego Serra da Cadeira II estaba previsto acondicionar a parcela anexa ó Cemiterio de San Adriano, a cal o Concello tiña cedida en precario como aparcadoiro. Vostedes no fixeron esa obra e sen embargo na última nota de prensa que colgaron na Web do concello din que estase deseñando un proxecto para destinar dita finca a aparcamento do cemiterio. ¿ Quén está facendo o proxecto?¿ Con cargo a que partida vanse a executar as obras?.

En relación á finca colindante ó cemiterio de Santo Adrao, os técnicos municipais competentes están a preparar un proxecto para o seu acondicionamento , se ben esta previsto realizar unha reunión cos veciños para acordar o acondicionamento da finca adaptado as súas necesidades. Nun principio a nosa idea é destinar o seu uso a aparcadoiro do cemiterio, pero estamos abertos a calquera suxestión que nos fagan os veciños de dita parroquia, en función do que eles realmente necesiten. En canto á partida con cargo a que se van a executar as obras xa o miraremos no seu momento e se temos que facer algunha modificación de crédito.

d) No último Pleno, a unha pregunta deste grupo sobre políticas para revalorizar e poñer en valor os recursos locais contestoume que no Pazo de Tovar ían a facer un proxecto turístico en conxunto.Este grupo quere saber a que proxecto turístico e a qué axuda se refire, se conleva obras, se están iniciadas, e a data da licenza das mesmas.

Estase a traballar nun proxecto turístico en conxunto e a longo prazo que inclúa todos os recursos turísticos e todo o patrimonio que posúe



Concello de Lourenzá

Praza do Conde Santo, s/n - 27760 - Lugo

Tlf: 982 121 006 - 982 121 552

Fax: 982 121 506

CIF: P2702700B

REL: 01270272



Lourenzá. Trátase simplemente de promover o turismo en Lourenzá, algo que estaba esquecido dende fai tempo. A nosa idea para o desenvolvemento da iniciativa está en que se faga cos medios persoais do concello en colaboración co voluntariado.O proxecto no cal se está a traballar non leva consigo ningún tipo de obra por parte do concello.

e) En relación coa pista de Paddle, cal é o motivo de que non se estreira, sacándolle un rendemento económico? e se non está aberta, porque hai xente xogando algún domingo pola noite?

En relación coa pista de Padel, aprobada a Ordenanza, xa non hai moito mais que dicir, transcorrido o prazo esixido para a súa aplicación, xa se poderá proceder a xogar. En canto a si alguén fai uso da pista os fins de semana, na data de hoxe o concello descoñece tal situación.

f) Ó fío do que estamos a falar, o informe de intervención sobre o plan de Axuste referente ós impostos indirectos, concretamente o ICIO, xustifica unha merma do imposto xunto coas licencias urbanísticas duns 15.000 euros co feito da diminución da demanda de solicitudes. O certo é que isto non quere dicir que diminúan as obras realizadas, xa que neste concello neste momento o que prima é o amiguismo. Tamén di a interventora que se debe reforzar os medios de control para o vindeiro trimestre, falta menos de quince días para que remate o primeiro trimestre do ano, ¿que fixo o goberno neste sentido?

Houbo por parte do goberno un maior seguimento das solicitudes de licencias pendentes e así o demostra o feito de que durante o primeiro trimestre deste ano se recadaron por este concepto 4.552,97 euros, fronte ós 881,84 euros do primeiro trimestre do ano 2015. A diferenza de 3.371,13 euros é considerable.

E no que vai do segundo trimestre do ano 2016, ata o día 10/05/2016 hai recadado 2.543,69 euros, o que fai xa un total de 7.096,66 euros, aínda sen acabar o segundo trimestre, fronte os 7.638,03 euros, recadados en todo o ano 2015.

Aínda que tamén se comparamos o recadado durante o exercicio 2015, dende que entramos nós, os ingresos pode dicirse que se triplicaron: Primeiro Trimestre de 2015, 881,84 euros(P.P.); Segundo Trimestre de 2015:971,08 Euros (P.P.); Terceiro Trimestre de 2015: 3.384,73 (PSOE); Cuarto Trimestre de 2015: 2.400,38 (PSOE).

g) Volvendo o Pazo de Tovar, como vostede sabe un dos compromisos asinados entre a Xunta de Galiza e o Concello está relacionado co horario de apertura de apertura e coa obrigatoriedade de apertura gratuita un día á semana.

Hoxe mesmo no enlace da páxina Web do concello figura un tipo de horario que é previa cita chamando a un número de teléfono. A máis, o día que ía a ser gratuito, o luns, figura como pechado na paxina web do propio Pazo. ¿ Que ten que dicir ó respecto á Alcaldesa?¿ Convocouse a Comisión de seguimento do convenio asinado?

Xa falamos co seu propietario e estivo pechado porque estaba en obras pero xa está mirando para abrir de xeito normal.

h) **Pregunta formulada por escrito o día 19/04/2016: EMMA ÁLVAREZ CHAO, VOCEIRA DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, ao abeiro da lexislación vixente e en nome do Grupo Municipal do Partido Popular , ao abeiro da lexislación vixente e en nome do grupo municipal que representa, formula a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno:**

A pasada Semana Santa debería haberse celebrado o XIII Torneo Lourenzá en Xogo. O pasado 4 de marzo a páxina web das Escolas Deportivas emitía un comunicado da directiva que di textualmente:

" Tal e como se decidiu unha vez rematada a edición de Lourenzá en Xogo 2015, o Torneo terá unha continuidade bianual.

Organizar un evento desta índole representa un esforzo económico e humano considerable, polo que dende o comité técnico do torneo, consensuando a decisión coa directiva das escolas optouse por seguir aunando forzas pero cada dous anos, polo que neste ano 2016 xa se está traballando para elaborar un gran cartel para a edición do 2017. O cambio só obedece a causas deportivas (conseguir máis de 20 equipos todas as edicións non resulta doado), humana (persoal que organiza, colabora, voluntarios..) e, sobre todo,económicas (reunir un presuposto de preto de 20.000 euros non é sinxelo cos tempos que corren).

Esta decisión tomouse para que o evento sexa viable e teña continuidade no futuro polo que, en principio, os anos impares serán anos de Lourenzá en Xogo...(..)"

Dende o grupo municipal do Partido Popular entendemos a postura da directiva das Escolas Deportivas, posto que as razóns económicas pesan detrás desta decisión, máis entendemos que os responsables políticos que están ao fronte do goberno deberían facer cantas accións estiveran nas súas máns para que se celebrara este Torneo, xa que é unha inxeción económica moi importante para a economía local. Entendemos que ningunha asociación pode estar obrigada a organizar ningún evento senón dispón dos medios suficientes, pero sen embargo, as Administración deben cubrir as necesidades veciñais e neste caso entendemos que non o fixeron.

O Grupo Municipal do Partido Popular non vai permitir que o actual equipo de goberno manipule a realidade e escuse a súa nula xestión neste asunto eludindo a súa responsabilidade e facéndolle recaer a culpa no anterior equipo de goberno. Diciamos isto a consecuencia das afirmacións feitas polo concelleiro de deportes nas redes sociais á resposta dunha veciña que escribir no seu muro de facebook: "*Non sei os motivos polo que este ano non ai torneo de baloncesto en Lourenzá, pero paréceme un atraso pola vida q lle daba o pobo*"

O Sr. Concelleiro afirmou rotundamente:

"Moi boas(...). Creo é necesaria unha explicación porque este ano non ai torneo de baloncesto. Bueno, imos discutir o motivo. Foi unha decisión do goberno anterior, do técnico de deportes e do



Concello de Lourenzá

Praza do Conde Santo, s/n - 27760 - Lugo

Tlf: 982 121 006 - 982 121 552

Fax: 982 121 506

CIF: P27027008

REL: 01270272



presidente das escolas. O actual goberno, ninguén lle dixo nada que este ano o torneo non se realizaba. O goberno actualmente de Lourenzá ao saber que esta decisión foi tomada hai un ano, fixo todo o posible porque este ano porque este ano tamén se poidera realizarse, pero era imposible, debido ao curto tempo que tivemos de organizalo... Nadie nos dixo nada, ninguén nos dixo que este ano non se celebraba.. Pola nosa parte fíxemos todo o posible. Pero dificilmente podemos traballar pñoñendonos as cousas de esa maneira... Un saúdo,(..)"

Por todo o exposto anteriormente, o grupo municipal do partido popular formula as seguintes preguntas:

1.- En que momento se puxeron en contacto coas Escolas Deportivas para empezar a coorganizar o XIII Torneo Lourenzá en Xogo?

2.- Cales foron as accións que levaron a cabo para a realización do Torneo?.

3.- Mantiveron algunha reunión coa directiva das Escolas Deportivas dende a toma de posesión no mes de xuño, 8 meses antes da celebración do citado torneo?.

4.- Parécelle ao equipo de goberno un curso espacio de tempo 8 meses para a organización deste evento deportivo?

5.- En que se basea o Sr. Concelleiro en afirmar que foi una decisión do goberno anterior?.

A Sra. Alvarez Chao comezou dicindo antes de proceder á lectura da pregunta que cando hai unha Asociación que organiza de xeito altruísta algún evento, o concello non é quen para dicir nada nin pedir explicacións. (Por parte desta Secretaría advertíuselle á Sra.concelleira de que tiña que limitarse a ler a pregunta tal e como a presentara por escrito o día 19/04/2016 e que fora rexistrada co núm.533.)

Pola súa parte a Sra. Alcaldesa contestoulle que fora una decisión das Escolas Deportivas consensuada con ela como anterior Alcaldesa e co Técnico Municipal de Deportes, que a ela non lle dixeron nada ata o mes de xaneiro o febreiro que non recordaba exactamente a data exacta e que a partir dese momento, pediulles as escolas que coa colaboración do técnico municipal de deportes e do concello fixeran o posible para organizalo, pero ó parecer, fora imposible facelo con tan pouco tempo e ela non ía a impoñerlles nada posto que non era quen para facelo.

Á pregunta da Sra. Alcaldesa ao Sr. Maseda Fernández, Presidente das Escolas Deportivas e concelleiro do P.Popular, sobre si el xo dixerá á Sra. Alvarez Chao, na súa etapa como Alcaldesa, este contestou que non, que fora unha decisión tomada nas Escolas porque facíaselles moi custoso facelo todos os anos, pero que non lle comentara nada.

A Alcaldía quixo que constara en acta dita resposta, porque polo que ela sabía, non fora así, e o Sr. Maseda puntualizou que ó mellor o comentara no grupo, que non o sabía con exactitude.

A Sra. Alvarez Chao insistiu en que ela non sabía nada e que non entendía porque estiveron oito meses sen sabelo, que se tivera preguntado antes e coñecida a decisión que tomaran, ela, se fora alcaldesa, íría a

chamar ás portas tanto da Deputación Provincial como da Xunta de Galicia para intentar conseguir algunha subvención e poder celebrar o Torneo.

Tomou a palabra o voceiro do equipo de goberno, Sr. Arango, para aclarar que segundo o que eles sabían fora un acordo tomado en conxunto entre as Escolas e o Concello e que polo tanto a anterior alcaldesa era coñecedora do mesmo.

Finalmente a Sra. Alcaldesa rematou o debate insistindo en que fora unha decisión tomada polos directivos das Escolas Deportivas, que estaban no seu dereito, que a Sra. Alvarez Chao, como alcaldesa naquel momento, coñecía a decisión e que, pola contra, a ela, cando chegou a Alcaldía, ningún lle dixerá nada e atopárase cunha decisión xa tomada e polo tanto, en ningún momento fora culpa súa que o Torneo non se celebrara.

i)Pregunta formulada por escrito presentado o día 30/05/2016:

“Emma Álvarez Chao, voceira do Grupo Municipal do Partido Popular, ao abeiro da lexislación vixente e en nome do Grupo Municipal que representa , formula a seguinte Pregunta para a súa resposta oral en Pleno: A Fonte da Ra é un emblema do noso concello, non hai practicamente ningún veciño que non teña unha foto subido ao seu lombo. Ultimamente encontrase sucio o vaso de contención de auga e tampouco funciona a saída de auga. Por todo o exposto anteriormente o grupo municipal do partido popular formula a Sra. Alcaldesa a seguinte pregunta: ¿ Cal é o motivo de que a Fonte da Rá non bote auga?

A Sra. Alcaldesa contestoulle que sorprendíalle que formulara dita pregunta posto que segundo informaraa un traballador do concello, fora ela mesma, cando era Alcaldesa, quen dera a orden para que se cortara a auga na Fonte da Ra e na outra fonte que hai na Praza do Conde Santo, para evitar que as pombas foran a elas e que, por outra parte, ela, cando chegou á Alcaldía, seguira facendo o mesmo porque pareceralle unha boa idea.

Ante dita contestación, a Sra. Alvarez Chao manifestou que era unha mentira que nunca xamais dera semellante orde, replicándolle a Alcaldesa que podía dicir o nome do traballador porque tiña a súa autorización, e que fora José Angel.

A Sra. Alvarez Chao manifestou que o traballador mentía porque estaba acostumado a mentir e que seguramente fora tamén el o que mentira co dos cans, ó que o Sr. Arango contestoulle que el, cando falou dos cans, en ningún momento dixerá ningún nome de ningún traballador e que era ela o que o estaba acusando diso e que constara en acta. A Sra. Alvarez dixo tamén que ó mellor fora o anterior Tenente de Alcalde, Sr. Vidal García, o que lle dera a orde ao traballador, pero que ela nunca soubera nada, ó que replicáronlle dende o equipo de goberno que, como sempre, botaba a culpa aos demais.

j)Pregunta formulada por escrito, presentado o día 30/05/2016:

“Emma Álvarez Chao, voceira do Grupo Municipal do Partido Popular, ao abeiro da lexislación vixente e en nome do Grupo Municipal que representa , formula a seguinte Pregunta para a súa



Concello de Lourenzá

Plaza do Conde Santo, s/n - 27760 - Lugo

Tlf: 982 121 006 - 982 121 552

Fax: 982 121 506

CIF: P2702700B

REL: 0127027Z



resposta oral en Pleno: En varias ocasións o Grupo Municipal do Partido Popular se interesou en Pleno e por escrito das obras realizadas no Pazo de Tovar. A día de hoxe sen dar aceso a este grupo a información solicitada. Finalmente na Xunta de Goberno Local celebrada o día 26 de abril concédeselle a Don José Ventoso Iglesias licenza para acabados interiores no Pazo de Tovar.

Por todo o exposto anteriormente, o grupo municipal do Partido Popular formula a Sra. Alcaldesa a seguinte pregunta: ¿ Como explica vostede o feito de que en Xaneiro do 2016 se inicien obras no Pazo de Tovar declarado BIC e non haxa permiso para realización desas obras ata o 26 de abril?.

A Sra. Álvarez Chao indicou que ela estaba a favor das actuacións no Pazo de Tovar e do restaurante, que cando era Alcaldesa fora co dono do Pazo en varias ocasións para ver as posibilidades que podía ter.

A Alcaldesa contestoulle á pregunta dicindo que para a concesión da licenza do Sr. Ventoso Iglesias tiveron que agardar a que viñera a autorización de Patrimonio que chegara no mes de marzo.

Pola Sra. Álvarez Chao manifestouse (e quixo que constara en acta) que a obra estivo facéndoa o pai da Alcaldesa. Por parte da Sra. Alcaldesa contestóuselle que ela non sabía que estaba iniciada, e a Sra. Álvarez Chao preguntoulle se non se falaba co seu pai.

Tamén quixo saber se o día 17 de maio, cando celebraron o Día das Letras Galegas no Pazo de Tovar, non sabían que estábanse facendo obras e que o restaurante xa funcionou no mes de maio, celebrándose alí unha comuñón.

Pola Alcaldía manifestouse que o único que coñecía era que nas oficinas municipais estíbbase tramitando un expediente para a apertura dun restaurante no Pazo de Tovar.

Tomou a palabra o Sr. Arango para dicirlle que se vía algo ilegal que denunciara ó que contestoulle que estaba niso e que eles, continuo dicindo o Sr. Arango, en principio, non facían un control policial sobre as actividades urbanísticas desenvolvidas no concello, que se as obras eran legais, os veciños podían ir facéndoas. A Sra. Álvarez Chao manifestou que xa vira o expediente nas oficinas municipais e preguntou porque tardarase tanto en solicitar o permiso de urbanismo, contestándolle a Alcaldía que era outra pregunta e que xo diría na próxima sesión. Continuo preguntando a Sra. Álvarez se a Sra. Secretaria era consciente de que se podía facer unha obra sen licenza.

11.2.B) As PREGUNTAS formuladas polo concelleiro do B.N.G., Sr. Fernández Villalba, foron as seguintes:

- a) **¿Ten este concello feito un inventario de fontes, e se non, pensa facelo?.**
- b) **¿Qué novas ten este concello con respecto ás pontes destruídas polo temporal?.**
- c) **¿Qué pensa facer este concello coas fincas en estado de abandono en el casco urbano?.**

Pola Alcaldía indicouse que serían contestadas no próximo pleno.
E non habendo máis asuntos que tratar, pola Alcaldía levantouse a sesión sendo as vinte e dúas horas e quince minutos (22,15) e estendéndose do seu resultado a presente acta, reflexo dos feitos acaecidos na mesma do que, como Secretaria, dou fe.

A ALCALDESA PRESIDENTA, A SECRETARIA-INTERVENTORA

